



# A FOLLA DA CGT

Núm. 9 - 6 febreiro 2020

# CGT

## Novos ingresos

A problemática dos novos ingresos ten dúas causas esenciais:

1. As concesións á empresa doutros sindicatos. Exemplo: asinar que nas prazas universitarias non haxa probas

obxectivas ou aceptar que non houberse período de subsanación de erros.

2. As actuacións unilaterais da empresa. Exemplo: as contratacións sen convocatoria pública.

Outros sindicatos empezan a reaccionar polo enorme malestar entre os traballadores. MAS pide agora período de subsanación de erros. CCOO pide que se reinicien as prazas de técnicos de Prevención e Medio Ambiente e 7 prazas universitarias publicadas o ano pasado.

A CGT está de acordo porque debe haber período de subsanación, é inaceptable que non haxa probas obxectivas e nas prazas de Prevención hai cousas moi **estrañas**, como pedir unha experiencia **máxima** de 3 anos nas júnior e **mínima** de 5 nas sénior. ¿Que explicación ten que cunha experiencia de entre 3 e 5 anos **non te puideses presentar**? Só lle vemos unha: **fa-**

**vorecer e/ou prexudicar a alguén.** Os afectados/as farían ben en demandar a Navantia. Hai que acabar con requisito da experiencia mínima, por **arbitrario, discriminatorio e inxusto.**

O problema global non se soluciona con parches: deben establecerse unhas **novas bases para tódalas prazas**, non só para algunhas.

Outro aspecto. As prazas que CCOO propón reiniciar foron **convocadas publicamente.** As de Prevención incluso foron **acordadas** entre a empresa e o comité intercentros de Saúde Laboral o 12 de novembro. Sorprende que non se diga nada sobre as **prazas que non foron convocadas publicamente.**

Neste senso, as comisións locais de Emprego de Fene e de Ferrol acordaron este martes esixir que **todos os ingresos** sexan mediante **convocatoria pública** e instar ós comités de empresa a **tomar accións legais contra Navantia** polas contratacións que non cumpran este requisito.

Estamos en 2020. Levamos **décadas** oíndo críticas sindicais ás **contratacións a dedo.** É hora de pasar das palabras ós feitos. Non facelo demostraría que ese discurso é unha pose.

## Asemblea xeral polos ingresos

CGT e CIG entregamos onte na secretaría do comité as **536 sinaturas** recollidas, o **40%** do cadro de persoal. Asinaron persoas **de tódolos sindicatos.**

A permanente decidiu convocar unha rolda de asembleas de tallo para a vindeira semana, polo tanto o lóxico é que a asemblea xeral se celebre inmediatamente despois desa rolda.

Non debería chegarse a ter que recoller sinaturas para que haxa unha asemblea, pero despois de solicitala en **decembro** non quedou máis opción. Esta dinámica burocrática de ignorar ós traballadores resulta grave e preocupante.

## Horas sindicais de xaneiro

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais utilizadas polos delegados da CGT.

DELEGADO	HORAS	PASE	HORAS	TOTAL
Vicente Ferrer	48,75		0	<b>48,75</b>
Xaquín Gª Sinde	61,25	Día 20. Asemblea CIG-CGT en Fene (9:45-11:30)	9,25	<b>70,50</b>
		Día 28. Reunión comisións Formación FN-FE (6:45-9:00)		
		Día 29. Visita ó Parlamento galego (9:15-14:24)		
Arturo Llago	16,50		0	<b>16,50</b>
Javi Losada	39,75		0	<b>39,75</b>
Benito Segade	28,25		0	<b>28,25</b>
Carmen Sixto	19,50		0	<b>19,50</b>
<b>TOTAL</b>	<b>214,00</b>		<b>9,25</b>	<b>223,25</b>



## Nin se poñerán colorados

O BOE do día 4 publicou unha convocatoria de prazos de enxeñeiros técnicos para a **Armada**. Igualiña cá de Navantia:


1. As probas son **obxectivas** con 70 preguntas sobre os temas comúns e específicos, 5 exercicios teórico-prácticos e unha proba non eliminatória de inglés.
2. Hai **temario**.
3. Hai **prazos**.

Navantia opta por unha entrevista persoal con preguntas de tanta relevancia profesional como: *¿Cal é para ti a principal cualidade dun líder?*

O dixo Manuel Fraga falando das oposicións á Deputación de Ourense: os fillos de "boa" familia están mellor preparados. E, se non, sempre botará unha man o amigo de papá. Unha **gangrena**.

Nota: Os tribunais obrigaron a repetir aquelas oposicións.

## Turbinas aposta por recuperar Calderería



Turbinas decidiu fabricar as carcacas das redutoras das F-110 no taller de Calderería. Hai anos que se subcontrata a talleres externos, así que este é un primeiro paso. O seguinte debe ser fabricalas con persoal propio, cousa imposible nestes momentos porque **Turbinas non dispón de suficiente persoal**. E nuns meses se prexubilará o único mestre con coñecementos, pero Navantia non pon a ninguén para substituílo.

Os traballos de Turbinas requiren moitos anos de experiencia e incluso poden implicar coñecer a fondo unha maquina concreta (por exemplo, no mecanizado). O modelo de empresa baseado

na subcontratación (e por tanto, na precariedade laboral) crea problemas moi graves porque imposibilita formar profesionais en condicións.

Estance a rexeitar moitos traballos de postventa, a pesar de que son rendibles e hai capacidade técnica, porque **non hai traballadores para facelos**. Isto acontece porque a dirección de **Navantia aposta pola desaparición de Turbinas. Non podemos permitirlo**.

## Técnicos superiores

A empresa envioulles cartas coa reclasificación profesional. Asigna nivel, pero dos cartos non di nada. E segue sen publicar o escalafón. Mañá ás 10 terán unha asemblea convocada polo comité. O resultado desta reclasificación é importante, tanto para os directamente afectados como para o resto dos traballadores, que tamén serán reclasificados.

## Información inexacta

A semana pasada denunciámos que **Emergya** ofrecía 15.000 € anuais. Dende Cartagena nos comentan que a información era inexacta porque... ialí ofrece entre 12.000 e 15.000 €!

Un salario por **baixo do SMI** é un **salario ilegal**. 12.000€ é inferior ós 950 €/mes de 2020, incluso menos do SMI de 2019, que era de 900€.

Emergya  
Ingeniería SL -  
Ofertas de  
trabajo

## Técnico/a soporte informático

Emergya Ingeniería SL

Cartagena, Murcia (España)

Publicada hace 1d

Salario: 12.000€ - 15.000€ Bruto/año

A oferta de Emergya non é un erro, é **delincuencia empresarial**. As compañías piratas que explotan ós seus traballadores son ás que a dirección de Navantia lles está a dar os contratos. A **subcontratación**, e os responsables da principal que a fomentan, son o **cancro de Navantia**.

## Carga de traballo

A permanente de Ferrol aprobou unha nova proposta de **calendario de mobilizacións** de aquí a finais de marzo. Mañá discutirase co comité de Fene e cos delegados da IA.

A **CGT** propuxo outras 3 mobilizacións que foron rexeitadas:

- **Corte real das horas extra.**
- **Culebra por toda a factoría** antes das manifestacións.
- Unha **marcha de traballadores a Madrid**.



## Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13

**Correos electrónicos:**  
cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Tamén nas redes sociais:

